



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2019/46	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	23 de decembro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 12:30 ata as 13:00 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario accidental</b>	JOSE CARLOS VILARIÑO MEIRA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****00228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***0424**	MARIA AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	NON
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día





**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 16 de decembro de 2019**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada o día 16 de decembro de 2019.

**Expediente 6751/2019. Solicitud de sinalización vertical**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a petición do concelleiro de obras, infraestruturas e deportes Don Eugenio González, referente ao estacionamento limitado para carga e descarga sito fronte ao nº6 da rúa Baiona (Correos).

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 18.12.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

*"...Que por parte da policía local crese conveniente modificar o horario de prohibición do devandito estacionamento para o mellor aproveitamento do mesmo. Polo que onde pon prohibido estacionar de 08:00 a 20:00 horas de luns a sábado excepto carga e descarga crese conveniente pór prohibido estacionar de 08:00 a 15:00 horas de luns a venres excepto carga e descarga".*

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a petición feita polo concelleiro de obras, infraestruturas e deportes Don Eugenio González para limitación para carga e descarga.

**Expediente 7177/2019. Solicitud de sinalización vertical**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por E.M.R. na que demanda a colocación de sinal de pasaxe permanente na avenida de Ourense nºX, para garaxe de establecemento comercial.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 18.12.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

*"...Informa que non existe inconveniente en conceder o solicitado."*

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por E.M.R., para sinalización de pasaxe permanente.





**Expediente 7160/2019. Solicitud de sinalización vertical**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por N.P.C., na que demanda a colocación de espello na saída do garaxe por falta de visibilidade na rúa Viacoba nºX.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 18.12.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

*"...Informa que non existe inconveniente en conceder o solicitado, a condición de que o interesado fágase cargo das costas de adquisición, colocación e mantemento do mesmo; e a súa vez solicite a autorización ao titular da vía (EP1010)".*

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por N.P.C., para colocación de sinalización vertical.

**Expediente 7117/2019. Solicitud de sinalización vertical**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por V.N.C., na que demanda a colocación de dous espellos na intersección da avenida José Novas coa rúa Das Santas.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 18.12.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

*"...Informa que non existe inconveniente en conceder o solicitado, na colocación dos dous espellos segundo se adxunta no plano adscrito".*

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por V.N.C., para colocación de sinalización vertical.

**Expediente 7108/2019. Solicitud de sinalización vertical**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada pola Comunidade de Propietarios Vilariño 60 Edificio Lagos, na que demanda a renovación do sinal de pasaxe permanente por deterioro da actual.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 12.12.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

*"...Informa que non existe inconveniente en conceder ao solicitado, concedendo un novo pasaxe permanente".*

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola





Concello de Cangas

policía local, acorda aprobar a solicitude realizada pola Comunidade de Proprietarios Vilariño 60 Edificio Lagos, para renovación da sinalización vertical por deterioro.

#### **Expediente 7174/2019. Solicitude de baixa de sinalización vertical**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada pola UTE Gestión Cangas, na que demanda a baixa no pago do sinal de pasaxe permanente nº406 e a anulación do mesmo, sito na rúa Gondomar nºX debido ao abandono do aluguer do inmovible.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 18.12.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

*"...Informa que non existe inconveniente en conceder o solicitado, dar de baixa o pasaxe permanente nº406, por non existir garaxe no mesmo, xa que na actualidade dita entrada atópase pechada por un ferro permanente".*

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada pola UTE Gestión Cangas, para baixa da sinalización vertical.

#### **Expediente 6711/2019. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6711/2019.- Conceder a A.S.G., con enderezo en Cunchido de Arriba X-Darbo, licenza de obras para construción dunha piscina de 32,00 m<sup>2</sup>, no referido lugar, referencia catastral X, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico C.J.R., de data novembro de 2019, e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a cinco mil douscentos trinta euros con cincuenta céntimos (5.230,50 €).

#### **Expediente 6105/2019. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6105/2019.- Outorgar a D.M.R., con enderezo en Retirosa X- Coiro, licenza de obras para, no Camiño de Videira- Retirosa- Coiro, regulado pola ordenanza de aplicación URNU (9), a construción dunha vivenda unifamiliar, referencia catastral X, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto R.M.C., de data maio de 2019. A licenza outorgarase condicionada a que antes do comenzo das obras presente o correspondente proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar ante o Catastro a

**Concello de Cangas**

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 4NDF7SGRQZ9W2T2H6JDKQZHKF | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 17



Concello de Cangas

modificación que plantexa a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a cento vinte e catro mil seiscientos sesenta e catro euros con cincuenta e tres céntimos (124.664,53 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizado en escritura pública de data 13 de decembro de 2019 formalizada perante a notaría A.T.C.P., por unha superficie de 14,61 m2 e unha fianza para garantir as obras de urbanización depositado en Abanca, por importe de trescentos euros (300 €) de data 13 de decembro de 2019.

#### Expediente 4266/2019. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4266/2019.- Outorgar a D.M.M.L., titular do D.N.I: \*\*\*3624\*\*, con enderezo a efectos de notificacións no enderezo electrónico X salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obras para colocación de elevador hidráulico apto para personas en el interior de la vivienda unifamiliar existente sita en rúa Antonio Garelly, nº X- Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto basico e de execucion redactado polo arquitecto J.R.L. de data xullo de 2019. Condicionada a formalizar ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento da mesma polos técnicos da Oficina Municipal. O presuposto de execución material ascende a dezasete mil catrocentos oitenta euros (17.480,00 €).

#### Expediente 5014/2019. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 5014/2019 .- Conceder, a BALEA ESPJ, titular do CIF.: E94195328, con enderezo a efectos de notificacións en enderezo electrónico X, licenza de obras, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, para en solo regulado pola ordenanza do PEPRI de acondicionamento interior para adaptación de edificio con uso restaurante a uso vivendas, na rúa Arco, X - Cangas ( referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polos arquitectos M.E.G.A. e B.R.C. visado en data 28 de agosto de 2019. Condicionada a formalizar ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento da mesma polos técnicos da Oficina Municipal. O presuposto de execución material ascende a corenta mil cincocentos trinta e catro euros con vinte e un céntimos (40.534,21 €).

#### Expediente 6030/2019. Prórroga de licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 4NDF7SGRQZ9WZT2H6JDKQZHKF | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 17



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 6030/2019 (EXPEDIENTE Nº 21.578 .- LICENZA MUNICIPAL Nº 20.977).- Conceder a F.S.M. a prorroga da licenza solicitada número 20.977 por un período de trinta e seis meses de conformidade co previsto no artigo 145 da lei 2/2016, de 10 de febreiro do chan de Galicia, visto o informe técnico favorable do arquitecto municipal de data 31 de outubro de 2019 e informe favorable da Deputación de Pontevedra de data 3 de decembro de 2019 obrantes no expediente.

#### Expediente 5785/2019. Licenza municipal de primeira ocupación

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº.- 5785/2019.- EXPEDIENTE 21.342.- LICENZA 20.846.-

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a E.I.S., con enderezo en Gruncheiras X- Coiro, para unha vivenda unifamiliar, no lugar de Parada - Coiro, construída ó abeiro da licenza municipal Nº 20.846, referencia catastral X, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal de data 4 de novembro de 2019, e o informe emitido pola Xefa do servizo de urbanismo de data 17 de decembro de 2019.

Así mesmo, apróbese a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

#### Expediente 388/2019. Licenza municipal de primeira ocupación

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 388/2019.- (EXPEDIENTE Nº 25.400 - LICENZA MUNICIPAL Nº 24.625).- Outorgar a M.A.J., con enderezo a efectos de notificacións no enderezo electrónico X licenza municipal de primeira ocupación dunha vivenda sita en Pinténs, referencia catastral X de conformidade coa documentación de estado final que acompaña a súa solicitude visada o 28.10.2019, o informe favorable do arquitecto municipal de data 11 de decembro de 2019 e o informe favorable da xefa de servizo sobre o procedemento a seguir de 18 de decembro de 2019 obrante no expediente, logo da recepción do informe favorable da UTE.

#### Expediente 5764/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 14.12.2019 da xefa de urbanismo, referente ao expediente nº 5764/2018-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*M.R.G, instrutora designada polo Alcalde do Concello mediante Proposta de Alcaldía de data 26/09/2019 en relación co expediente sancionador que se está tramitando*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 4NDF7SGRQZ9WZT2H6JDKOZHKF | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 17



*neste Concello nº 5764/2018 emite a seguinte proposta de resolución visto os seguintes*

#### **ANTECEDENTES**

*PRIMEIRO.- Por parte de HAPPY WORKPLACES SL, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Areabrava- O Hío, obras sen licenza consistentes en realizar unha soleira a menos de 4 metros do eixo do camiño, sendo a construción de carácter ilegalizable segundo informe do arquitecto municipal de data 23 de agosto do 2019.*

*SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 30.09.2019 dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, P.R.L. en representación de HAPPY WORKPLACES SL con data 21.11.2019 presenta escrito de alegacións no que manifesta en síntese que:*

*‘Están demoendo a soleira da que deriva este expediente sancionador, repoñendo a realidade física a súa situación anterior, polo que a sanción que, no seu caso se impoña, haberá de reducirse nun 90% segundo o disposto no artigo 164.1 da Lei 2/2016 do chan de Galicia, e a sanción que se impoña deberá ser na contía mínima’.*

*A alegación presentada debe ser desestimada a vista do informe da inspección municipal de data 11.12.2019 no que sinala que: ‘Persoado no lugar comprobo que non foi reposta a legalidade urbanística o non haberse executado a demolición da soleira obxecto deste expediente de restauración da legalidade urbanística’.*

*E visto o informe do arquitecto municipal de data 23.08.2019, no que sinala que ‘as obras son ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas subsidiarias de Planeamento de Cangas e transcorridos os prazos para presentación de documentación para a legalización das obras e informes sectoriais, éstas han de considerarse como ilegalizables por non reunir os requisitos establecidos ao respecto na Lei 2/2016 do chan de Galicia.*

*Transcurridos os prazos para presentación de documentación para a legalización das obras e informes sectoriais éstas han de ser consideradas como ilegalizables por no reunir os requisitos establecidos ao respecto na Ley 2/2016 do chan de Galicia’.*

*TERCEIRO.- Visto canto antecede, e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, emito a seguinte*

#### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións formuladas por P.R.L. en representación de HAPPY WORKPLACES SL con data 21.11.2019 xa que as mesmas non desvirtúan os feitos probados; obras sen licenza consistentes en realizar unha soleira a menos de 4 metros do eixo do camiño no lugar de Areabrava- O Hío.*

*SEGUNDO.-Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Areabrava- O Hío, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia,*





*podendo clasificarse como grave segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 23 de agosto do 2019.*

*TERCEIRO.- Que HAPPY WORKPLACES SL, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*CUARTO.- Que dacordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía seis mil un euros (6001 €).*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Impoñer a HAPPY WORKPLACES SL, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de seis mil un euros (6001 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Areabrava- O Hío, consistentes en realizar unha soleira a menos de 4 metros do eixo do camiño sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo informe do arquitecto municipal de data 23.08.201 e o informe da inspección de obras obrante no expediente.*

*SEGUNDO Advertir ao interesado que, en caso de pagar voluntariamente a sanción durante o periodo voluntario, aplicárase dunha redución da mesma do 50%. No entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

### **Expediente 7531/2017. Expediente de restauración da legalidade urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 14.12.2019 da xefa de urbanismo, referente ao expediente nº 7531/2017-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 7531/2017-S*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo do 2019, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de F.R.A.A., e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Menduiña-Aldán, obras sen licenza consistentes en realizar un muro de contención a base de mampostería de pedra a máis de 6,30 metros do eixo do vial, sendo a construción de carácter legalizable segundo informe do arquitecto municipal de data 25.09.2019.*

*SEGUNDO.- Inicado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 29.07.2019 dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.*







*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, podendo clasificarse como leve segundo o determina o artigo 158.4 da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que F.R.A.A., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Impoñer a F.R.A.A., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de tres mil euros (3.000,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Menduiña-Aldán, consistentes en realizar un muro de contención a base de mampostería de pedra a máis de 6,30 metros do eixo do vial sendo a construción de carácter legalizable, segundo informe do arquitecto municipal de data 25.09.2019.*

*QUINTO.- Que dacordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía tres mil euros (3.000,00 €).*

*Advírtese ao interesado que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016 reducirase na súa contía nun 50 por cento se son aboadas no prazo de periodo voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor mostra por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

### **Expediente 7520/2017. Expediente de restauración da legalidade urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 18.12.2019 da xefa de urbanismo, referente ao expediente nº 7520/2017-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

*"Con data 14/11/2019 A.S.L. con NIF \*\*\*3566\*\* solicita a redución do 50 % da sanción que lle corresponde aboar pola realización de obras sen axustarse á legalidade urbanística para proceder ao seu pagamento no periodo voluntario, amosando a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de setembro do 2019 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.*

*Visto o xustificante de pagamento de data 02.12.2019, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 7520/2017-S de conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*





Concello de Cangas

*PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a A.S.L. por ter realizado no lugar de Sobreiriña, X-Nerga, obras sen axustarse á licenza concedida para formación de cuberta, e visto o xustificante de pagamento de data 02.12.2019, existente no expediente sancionador nº 7520/2017-S".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

### **Expediente 7122/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

Vista a proposta de data 17.12.2019 da alcaldía, referente ao expediente nº 7122/2019-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

*"Resultando que no lugar de Punta Alada - O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha piscina.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M.T.G.I., promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre seis mil un euros e sesenta mil euros (6001 e 60.000 €), de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M.T.G.I. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar unha piscina, sen licenza para iso.*

*SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G, sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 4NDF7SGRQZ9WZT2H6JDKOZHKF | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 17



*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.*

*QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.*

*SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin a vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 4976/2018. Solicitud de devolución de aval**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe favorable da xefa de urbanismo emitido o día 18.12.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

#### "ANTECEDENTES:

*Primeiro: Con data de 10 de decembro de 2019, ten entrada polo rexistro municipal, núm. 17.526 solicitude de devolución da fianza depositada asinada por L.T.V. titular do DNI: \*\*\*7372\*\* como titular da solicitude de licenza de obra (expediente núm. 24.417).*

*Segundo: En Xunta do Goberno Local de data 26 de novembro de 2018 outorgouse licenza de primeira ocupación a L.T.V. e B.M.M. (X-4976/2018).*

*Terceiro: Na data de 11 de decembro de 2019, o Inspector Municipal emite informe no que conclúe que 'persoado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión está en correcto estado'.*





*Cuarto: En data 12 de decembro de 2019 a Tesourería Municipal emite informe no que di que 'Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o ingreso da garantía a nome de L.T.V. por importe de seiscentos cincuenta euros (650,00 €) co seguinte texto: 'FIANZA EXPEDIENTE DE OBRAS''.*

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

*-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*-Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia.*

*-Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia.*

#### ORGANO MUNICIPAL COMPETENTE

*O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente e a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.*

*En base os fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución*

#### INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*Primeiro: Recoñecer a devolución da fianza por importe de seiscentos cincuenta euros (650,00 €) depositada por L.T.V. e B.M.M. nomexpediente de licenza de obra núm. 24.417 (Expte obras: 25.501 / X -4976/2018). Segundo: Notificar este acordo ao interesado.*

*E para que conste, expido o presente informe sen perxuízo de calquera outro mellor fundado en Dereito".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

#### **Expediente 2194/2018. Solicitud de devolución de aval**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 14.12.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:





"ANTECEDENTES:

*Primeiro: Con data de 02 de decembro de 2019, ten entrada polo rexistro electrónico municipal, núm. 2.295 solicitude de devolución de fianza, asinada por J.I.F.R. titular do DNI: \*\*\*1680\*\* como titular da solicitude de licenza de obra (expediente núm. 23948).*

*Segundo: En Xunta do Goberno Local de data 15 de outubro de 2018 outorgouse licenza de primeira ocupación a J.I.F.R. (X-2194/2018).*

*Terceiro: Na data de 03 de decembro de 2019, o Inspector Municipal emite informe no que conclúe que 'Persoado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión está en bo estado e a vivenda ten licenza de primeira ocupación dende outubro de 2018'.*

*Cuarto: En data 03 de decembro de 2019 a Tesourería Municipal emite informe no que di que consta efectuado o ingreso da garantía a nome de J.I.F.R. por importe de setecentos trinta e dous euros con sete céntimos (732,07 €) co seguinte texto :  
'FIANZA EXDTE. SOL. LICENC. OBRAS Nº 24985''.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

*-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*-Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia.*

*-Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

ORGANO MUNICIPAL COMPETENTE

*O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.*

*En base os fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución*

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*Primeiro: Recoñecer a devolución da fianza por importe de setecentos trinta e dous euros con sete céntimos (732,07 €) depositado por J.I.F.R. no expediente de licenza de obra núm. 23.948 (Expte obras: 24.985 / X -2194/2018).*

*Segundo: Notificar este acordo ao interesado.*

*E para que conste, expido o presente informe sen perxuízo de calquera outro mellor fundado en Dereito".*

*A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.*





**Expediente 4195/2017. Informe de obras e servizos sobre devolución de aval**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da arquitecta técnica emitido o día 16.12.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como seguez:

*"INFORME DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS*

*PRIMEIRO: En data 10 de maio de 2018, asínase o Acta de Recepción da obra polo funcionario representante do Concello, A.J.L.P., e a directora de obra, C.G.C.*

*SEGUNDO: En data 10 de maio de 2019, ten entrada polo rexistro electrónico municipal, solicitude de devolución de aval bancario, asinado por A.M.F.O. con DNI \*\*\*6625\*\*, en representación de Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa SL con CIF B3653537 da obra 'NOVA CAPA DE RODADURA EN VIAS MUNICIPAIS' (Expte. n.º 4195/2017).*

*TERCEIRO: En data 10 de maio de 2019 a Tesourería Municipal emite informe no que di que: 'Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o ingreso de garantía en forma de aval a nome de MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA SL con N.I.F. nº B36533537 por importe de cinco mil dezaoto euros con vinte céntimos (5.018,20 €) e co seguinte texto : 'AVAL BANCO PASTOR. CAPA RODADURA VIAS MUNICIPAIS'. A citada garantía figura polo tanto constituída e pendente de devolución. Procederase a súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente'.*

*CUARTO: A arquitecta técnica – Directora de obras, en data 29 de agosto de 2019, emite informe no que conclúe que: 'Persoada no lugar, comprobo que está pendente de emendar deficiencias detectadas e notificadas á empresa dentro do prazo de garantía polo que procedo a emitir un informe desfavorable'.*

*QUINTO: A arquitecta técnica – Directora de obras, en data 16 de decembro de 2019, emite informe no que conclúe que: 'Persoada no lugar, comprobo que as deficiencias detectadas foron enmendadas polo que procedo a emitir un informe FAVORABLE'.*

*Polo exposto, e en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía do 17 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local en materia económico-financiera, apartado 5.3, sométese a consideración da Xunta de Goberno que SE PROCEDA a devolución do aval constituído por MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA SL con NIF B36533537 por importe de cinco mil dezaoto euros con vinte céntimos (5.018,20 €).*

**INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*PRIMEIRO: Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de cinco mil dezaoto euros con vinte céntimos (5.018,20 €) depositado por MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA SL.*

*SEGUNDO: Notificar este acordo ao interesado".*





A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

**Expediente 7201/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

CONCEDERLLE a E.D.V.M.P. con DNI:\*\*\*1073\*\* e con expediente 36008/01/003605 o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de Libre Concorrenca, e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal
- \* Atencións de carácter psicosocial
- \* Atencións de carácter doméstico

Custe do servizo total: cincocentos doce euros (512 €) (12'80€/hora)

Achega económica da persoa usuaria: cincuenta e un euros con vinte céntimos (51,20 €/mes) (10% do custe do Servizo)

Número de horas: 40 horas

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 23 de decembro de 2019.

**Expediente 7178/2019. Proposta da concelleira de mocidade e voluntariado para aprobación do "Programa de obradoiros de tempo libre para a mocidade 2020"**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda retirar da orde do día este punto debido a falta de crédito para levalo a cabo.

**Expediente 7239/2019. Proposta da concelleira de mocidade e voluntariado para establecer os prezos das cotas anuais da ludoteca de inverno entre os meses de novembro de 2019 e xuño 2020**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 19.12.2019 da concelleira de educación e xuventude, referente ao establecemento dos prezos das cotas anuais da ludoteca de inverno entre os meses de





Concello de Cangas

novembro de 2019 e xuño de 2020, que é como segue:

*"Dna. Ingrid Mihaela Loredana Oprea, Concelleira de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, propón a Xunta de Goberno Local os seguintes prezos para as cotas anuais da ludoteca de inverno que se desenvolverá na Casa da Xuventude entre os meses de novembro de 2019 e xuño de 2020.*

*A actividade que se ofrece dende a Concellería de Mocidade está pensada para nenos e nenas de entre 4 a 10 anos, e se desenvolverá de luns a xoves en horario de tarde, de 16.30 a 19.30 hs e os venres de 16.30a 18.30 hs.*

*- COTA DE PARTICIPACIÓN POR DÚAS HORAS SEMANAIS: vinte e cinco euros (25 €)*

*- COTA DE PARTICIPACIÓN POR CATRO HORAS SEMANAIS: corenta euros (40 €)*

*- COTA DE PARTICIPACIÓN POR SEIS HORAS SEMANAIS: sesenta euros (60 €)"*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

#### **Expediente 5687/2019. Prórroga de licenza urbanística (urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

EXPEDIENTE Nº 5687/2019 (EXPEDIENTE Nº 24.526 e 1682 .- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.622).- Conceder a M.H.C. a prórroga da licenza solicitada número 23.622 por un período de trinta e seis meses de conformidade co previsto no artigo 145.da lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, visto o informe técnico favorable do arquitecto municipal de data 19 de decembro de 2019 e informe de vixencia de autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e vivenda de data 08 de novembro de 2019 obrantes no expediente.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

#### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 4NDF7SGRQZ9WZT2H6JDKQZHKF | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 17





Concello de Cangas

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno: 986300050. Fax: 986304850

